

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O BISPADO DE LUGO PARA A INSTALACIÓN DE REIXAS E SISTEMAS DE ILUMINACIÓN E PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL DE ACOLLIDA E INFORMACIÓN DOS PEREGRINOS EN IGREXAS DO CAMIÑO DE SANTIAGO

O xerente de Turismo de Galicia

### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Bispado de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Bispado de Lugo para a instalación de reixas e sistemas de iluminación e para a contratación de persoal de acollida e información dos peregrinos en igrexas do Camiño de Santiago.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



**Segundo.-** O Camiño de Santiago en tódalas súas variantes é o motor da actividade en moitas das parroquias de Galicia. O seu efecto déixase sentir en grandes vilas, pero tamén en pequenas aldeas. A Diocese de Lugo é consciente da importancia desta ruta de peregrinación e está comprometida na atención ás persoas que por diversos motivos realizan o Camiño de Santiago.

Que o Bispado de Lugo está interesado en poñer en valor o seu patrimonio e compartilo coa cidadanía. O Bispado é o titular das igrexas cuxa apertura ás persoas peregrinas é necesaria para a divulgación do patrimonio vinculado ao Camiño de Santiago e, por tanto, o único capaz de desenvolver as actuacións obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible subscribir un convenio con ningunha outra entidade, non resultando posible a concorrencia pública.

As igrexas e capelas no Camiño son puntos fundamentais do seu percorrido, e acostuman a ser os fitos máis relevantes en cada etapa da peregrinaxe. O peregrino achégase a elas non só como lugares de oración, senón tamén motivados pola súa historia e a súa beleza.

O fin deste proxecto é facilitar que os peregrinos que realizan o Camiño poidan ver e gozar das igrexas que artellan as distintas rutas de peregrinación a Compostela e pasan pola Diocese de Lugo.

**Terceiro.-** As actuacións que se pretenden desenvolver a través da sinatura do presente convenio son de dous tipos:

1. Accesibilidade. Reixas e iluminación

Instalación de reixas e sistemas de iluminación que permitan a visión dos interiores de igrexas e capelas en diversos puntos de interese no Camiño.

2. Acollida. Apertura de igrexas

En lugares centrais de gran peso e repercusión propónse a contratación de persoal para realizar a acollida e información aos peregrinos



Disporanse reixas mediante a apertura de ocos nas portas de entrada das igrexas, o que permitirá contemplar o seu interior aínda que a igrexa estea pechada. A reixa irá montada sobre un bastidor en "L", minimizando o impacto sobre o conxunto. O acabado será en negro forxa ou similar.

Asemade, co fin de atender e acoller ós peregrinos, contéplase o gasto de contratación de persoal durante 6 meses, de maio a outubro, en distintas igrexas da Diocese situadas no trazado do Camiño de Santiago.

**Cuarto.-** A Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada en apoiar as actuacións descritas no expoñendo anterior, pola súa incidencia na divulgación da cultura Xacobeana e do Camiño de Santiago.

Que a través deste convenio, outórgase ó Bispado de Lugo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

